



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA



galicia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CRTVG, S.A E O ARCEBISPADO
DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O director xeral da CRTVG, Alfonso Sánchez Izquierdo, **DECLARA:**

Que a Corporación Radio e Televisión de Galicia ten previsto formalizar co Arcebispo de Santiago de Compostela o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue o presente ano 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Ceder á CRTVG o dereito de realizar a gravación da Eucaristía da Ofrenda Nacional o 25 de xullo e os actos da Festa de Traslación dos restos do Apóstolo Santiago o 30 de decembro deste ano. Debido as obras na Catedral, estes actos celebraranse na Igrexa de San Martín Pinario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Arcebispo de Santiago de Compostela reconece á CRTVG a exclusividade como a emisora de televisión que gravará e transmitirá estes actos no ano 2019.

Unha comisión mixta determinará a posible retransmisión doutros actos litúrxicos que se poidan organizar polo Arcebispo.



A CRTVG fará os máximos esforzos para difundir as devanditas celebracións mediante a súa retransmisión nas súas emisións por ondas terrestres, cable e satélite, así como mediante Internet.

Así mesmo, entregará unha gravación en master das imaxes para o Arquivo do Arcebispado, o Cabildo, o Seminario Maior e, se fora de interese, outra para a Santa Sede.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 9 de xullo de 2019.